

## INFORMACIÓN E NORMAS DE PARTICIPACIÓN NO SERVIZO MADRUGADOR@S

1. No caso de que o número de solicitudes de inscrición presentadas superen o número de prazas ofertadas, na selección dos/as participantes teranse en conta os seguintes criterios (pola orde na que aparecen) :
  - a) Que os/as menores estiveran inscritos/as no curso pasado.
  - b) Que amb@s proxenitor@s ou un/unha del@s (no caso de familias monoparentais) traballen no horario do Servizo Madrugador@s.
  - c) Que a familia do/a menor se encontre nalgunha das circunstancias recollidas no *Artigo 6 da "Resolución do 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027"*).
  - d) Que o/a menor esté empadroadado/a no Concello de Viana do Bolo.
  - e) En caso de que varias familias presenten as causas recollidas nos puntos a), b) e c) terase en conta a orde de inscrición para asignar a/as prazas.
2. A entrada dos/as menores ás actividades será dende as 7:30 ata as 8:30 horas podendo elixir as familias o horario que máis lle conveña.
3. Os/as menores non poden levar ás actividades móbiles, nin dispositivos electrónicos de ningún tipo.
4. Durante o Servizo de Madrugador@s os/as menores que o desexen terán tempo para almorzar e deberán traer o almorzo da casa.
5. Recoméndase que os/as nenos/as acudan as actividades con roupa e calzado cómodo e fácil de lavar (uso de pinturas, pegamentos, etc.)
6. Non se permite a entrada das familias aos espazos por razóns de seguridade.
7. **A falta inxustificada do/a menor durante 5 días seguidos supón a perda do dereito á praza e, de haber listaxe de espera, asignaráselle a praza ao/á seguinte da lista.**
8. O Concello de Viana do Bolo resérvase o dereito a tomar medidas e/ou decisións non especificadas neste documento sempre que poidan contribuír a un mellor funcionamento das actividades

9. O Servizo Madrugador@s contará á súa vez, cunha serie de normas e recomendacións a nivel interno para a boa convivencia entre os/as menores (ex. non insultar e/ou pegar, acatar as normas establecidas polas monitoras en cada actividade, etc.) . A falta reiterada de cumprimento destas normas básicas de convivencia será motivo de expulsión das actividades.
10. A inscrición do/a menor no Servizo Madrugador@s supón o coñecemento e aceptación das normas reflexadas neste documento.

### **PERSOAL DE CONTACTO:**

Para calquera dúbida ou consulta ou queixa contactar co CIM:

Tlfo: 988 32 92 60

Correo electrónico: [cimviana@gmail.com](mailto:cimviana@gmail.com)

(Iniciada a actividade facilitaranse outros teléfonos para un contacto máis directo coas monitoras).